

ESTUDIO SOBRE A ORIXE MELIDENSE DE SALVADOR GOLPE VARELA

Soqui Cea Vázquez¹

APUNTAMENTOS BIOGRÁFICOS

Salvador Golpe naceu en San Pedro de Oza (Betanzos) no ano 1850 e morreu no mesmo lugar o 23 de xuño de 1909. Fixo a carreira de Dereito en Santiago e estableceu o seu despacho na Coruña en 1878. Desempeñou durante dous anos o cargo de fiscal municipal ata 1891, ano no que resultou elixido concelleiro na cidade herculina, conseguindo que se colocasen lápidas recordatorias nas casas onde viviron María Pita, La Sagra e Cornide.

Como político interviu, en 1892, no movemento iniciado na Coruña con motivo da supresión da Capitanía Xeral, formando parte da comisión que percorreu as catro provincias para erguer o espírito galego e constituír xuntas de defensa contra os atropelos do poder centralista, actividade que lle valeu uns días de cadea. Participou no movemento "rexionalista" de entón, en tertulias ou como xurado en xogos florais. Tamén foi socio fundador e secretario da sociedade *Folklore gallego* (1884), da cal era presidenta Emilia Pardo Bazán. Salvador Golpe contribuiu, ademais, á crea-

1. Mestra. Directiva do Museo.



ción da Asociación Rexionalista na Coruña (1890) e á fundación da Real Academia Galega (1906), sendo un dos corenta académicos numerarios. Foi integrante tamén do grupo de intelectuais rexionalistas que se xuntaban na famosa Cova Céltica, xunto a outros personaxes egrexios como Eduardo Pondal ou Manuel Murguía.

Salvador Golpe Varela morreu na Coruña o 23 de xuño de 1909, días antes de cumprir 59 anos. Foi soterrado na súa parroquia natal.

XORNALISTA E POETA

O labor máis destacado de Salvador Golpe dentro do galeguismo foi o que fixo como xornalista. No exercicio desta profesión, fundou co coruñés Ramón Faginas *El Clamor de Galicia*, que se fundiría en 1880 con *El Noroeste*, pasando a chamarse *El Clamor del País*. Golpe Varela traballou na redacción deste xornal ata 1887. Tamén fundou con Faginas e co seu irmán Juan o diario *La Unión Gallega* (1894), primeiro xornal que se consagrou en Galicia á difusión das ideas rexionalistas e do que foi sempre director. Ademais, colaborou en numerosas publicacións como *Diario de Santiago*, *La Ilustración Cantábrica*, *La Ilustración Católica*, *Galicia Humorística*, *Patria Gallega*, *El Duende*, *El Domingo*, *La Semana* ou *Galicia*. Como integrante da Cova Céltica, foi un dos colaboradores da *Revista Gallega*, órgano periodístico do grupo. Salvador Golpe foi fundador da *Liga Gallega*, que era unha organización que buscaba a defensa dos intereses económicos, morais, políticos, materiais e sociais de Galicia.

PUBLICACIONES

Como creador literario a súa faceta máis salientable foi a de poeta, deixando algúns poemas soltos en galego, case todos destinados ó canto. Estas composicións eran unha especie de *lieder* cos que pretendía levar a lingua galega ós salóns das clases altas da sociedade. Deles, cabe citar:

Adeus Galicia, con música de Juan Montes.

Unha cita

Dous amores, música de Xosé Baldomir.

O último dos poemas citados é o máis famoso dos que escribiu e o que aparece antologado no libro *Las mejores poesías gallegas*, de Eugenio López-Aydillo. Esta peza foi cantada e aplaudida miles de veces en veladas artísticas. Entre os afeccionados ó canto, e entre os mesmos profesionais, é unha das nosas melodías máis populares. Tamén é coñecida co nome de "*Meus amores*".

Salvador Golpe non chegou a publicar ningún libro de poemas, pero as súas composicións musicadas acadaron moita popularidade no seu tempo ó seren interpretadas por corais e orfeóns. Tamén escribiu moitos poemas en castelán que publicou en revistas e xornais da época.

Ademais de poeta, Golpe Varela foi autor de varias publicacións que, aínda estando en castelán, son todas interesantes polo seu contido e enfoque galeguista:

- *Memoria sobre el flokllore gallego en 1884-1885* (1886)
- *De La Coruña a la cárcel pasando por Galicia* (1894)
- *Patria y Región* (1897)
- *Regionalismo y lenguaje* (1902)
- *Lámbrica* (1907)
- *Refraneiro agrícola-meteorolóxico* (1906), publicado baixo o pseudónimo de Pedro de Merille.

UNHA CITA

Do crepúsculo â lus nacarada,
mirando pr'a serra,
no curuto do monte mais alto
lucía unha estrela.
¿Ve-la estrela da tarde?- lle dixen-
se lonxe da terra
os traballos y as loitas do mundo
con vida me levan,
mira â estrela que agora ch'amostro,
que agora contempas,
cal espello de amor, dos meus ollos
a lus verás n-ela.
E verás n-ese espello, duas almas
n-un solio de estrelas,
a tua alma co-a miña, bicándose
moi lonxe da terra.

ADIOS A GALICIA

As lixeiras
anduriñas
pra Galicia
vindo van;
veñen ledas
tra-los niños
dos amores
d'outro vrán.

Deixan lonxe
n-outras prayas
os recordos
d'un amor,
y aquí atopan
amor novo,
doces brisas
craro sol.

¡Quén poidera
tel-as alas
qu' elas teñen
pra voar!
S' así fora
non sintira
tanta pena
por marchar.

Eu como elas
deixo a terra
dos recordos
da niñez;
deixo a patria
dos amores...
sin espranzas
de volver.

Mais Galicia
se un mal fado
separarme
vai de tí,
leva o corpo
porqu'a yalma
toda enteira
deixo aquí.

¡Adios casa,
soutos, ríos,
veigas d'ouro
craro sol!...
¡Adios berce
dos amores...!
¡Hastra sempre...
¡Voume....adiós!

DOUS AMORES

Dous amores a vida
gardar me fan:
a Patrea y-o qu'adoro
n-o meu fogar.
A familia y-a terra
dond'eu nacín
que sin estos dous amores
non sei vivir.
Cando xa n-o meu peito
non sint'amor.
Cando d'a miña terra
non vexa o sol;
ven morte, ven axiña
cabo de min
que sin amor nin Patrea
¡non sei vivir!

Probablemente, o último que Salvador Golpe escribiu foi un soneto que moi poucas persoas chegaron a coñecer. Publicouse nun *Boletín da Real Academia Gallega* (Tomo XXX) e amósanos a un poeta enfermo e moi relixioso.

PIEDAD

¡Cuánto sufro, Dios mío!... Y sin embargo,
de fe cristiana y de esperanzas lleno,
gracias te doy por lo que sufro y peno
y apuro del dolor el vaso amargo.
Sé que de culpas tremebundo cargo
redimo así ... Pero, a la dicha ajeno,

la aflicción se apodera de mi seno...
¡Piedad, Señor! Ya mi martirio es largo.
Concede alguna tregua al dolor mío,
o, para que esto acabe, haz que yo muera.
¡Señor, no puedo más!...¡Morir ansío!
Mas, si es justo que sufra en tal manera,
la pena acato... Pero tú, Dios pío,
¡dame valor para sufrir siquiera!

O REFRAINEIRO DE SALVADOR GOLPE

No ano 1906 aparece o “*Refraneiro Agrícola-Meteorolóxico*”, un sinxelo folleto de trinta páxinas recollido, no meirande, por Pedro de Merille, pseudónimo utilizado por Salvador Golpe co que lembra o lugar de Merille, situado a moi pouca distancia da casa de Payo na que naceu. Dito refraneiro apareceu publicado nas páxinas do semanario brigantino “*La Defensa*”, órgano das asociacións de agricultores que naquela época dirixía Fernández Flórez. Nel podemos atopar 256 refráns, clasificados por orde alfabética, máis uns 40 que engadiu ó final e que foi recibindo de colaboradores anónimos.

Os refráns van seguidos duns “*Prenósticos do tempo*”, que son ditos populares relacionados coa meteoroloxía. Algúns dos refráns que podemos ler no libriño son:

- A castaña e o besugo, en febreiro non ten zumo.
- A chuvia por San Xoán, tolle o viño e non da pan.
- Ano de nevadas, ano de fornadas.
- Cando o río non fai ruído, ou leva moi pouca auga ou vai moi crecido.
- De boa nai busca a filla, e de boa cepa pranta a viña.
- Moitas paradas fan os días pequenos.
- O que queira comer patacas en San Xoán, bóteas cand’o pan.
- Quen seu carro unta, seus bois axuda.
- Val máis o qu’o sol deixa que o que a auga trai

CASA DE PANADEIROS, CASA DE LAGO E A FAMILIA GOLPE

Para saber da relación que houbo entre Salvador Golpe e Melide temos que deternos na Casa de Panadeiros e na Casa de Lago pois é aí, na parroquia melidense de Zas de Rei, onde atopamos as raíces de parte da familia Golpe.

Aínda que se podería retroceder máis na historia da Casa de Panadeiros e os sucesivos herdeiros que tivo, cremos suficiente remontarnos ó ano 1755, no que atopamos o matrimonio formado por Don Xosé Varela de Sotomaio e Dona Madanela de Seixas, veciña esta última do lugar de Petos (Furelos). Ambos deixaron como her-

deiro dos seus bens a Don Manuel Varela Sotomaior e Seixas, que casou en dúas ocasións. A súa primeira muller foi Dona Rosa Vázquez Núñez, e a segunda esposa foi Dona Ana Golpe Núñez. Aquí atopamos xa por primeira vez o apelido Golpe, obxecto do noso estudio, que corresponde á tía do noso protagonista.

Pero Don Manuel Varela non tivo descendencia de ningunha das súas mulleres, polo que nomeou herdeiro da Casa de Panadeiros a Don Manuel Golpe Núñez, fillo dos señores da Casa de Oza. Don Manuel Golpe era irmán de Ana, segunda muller de Don Manuel Varela e fillo de Xosefa Vázquez Núñez, que era irmá de Rosa, a súa primeira muller. É dicir, Don Manuel Varela deixou como herdeiro a Don Manuel Golpe Núñez, que era o seu cuñado e, ó mesmo tempo, sobriño.

A partir de aquí vemos novamente a unión de dúas casa importantes: a Casa de Oza e a Casa de Lago, na parroquia melidense de Zas de Rei, xa que Don Manuel Golpe casou con Dona Rita Varela, herdeira da Casa de Lago. Deste matrimonio naceron Juan, Jesusa e Salvador Golpe Varela.

Queda así comprobado que as raíces maternas de Salvador Golpe están en Melide.


CASA DE LAGO

Para saber algo máis da Casa de Lago, aparte do que xa está estudiado no Terra de Melide e nos Boletíns do Museo (nº 5 e nº 9), tivemos a sorte de poder falar con Manuel Porto Garea, veciño de Zas de Rei que sabe ben da grandeza da Casa de Lago e de moitas cousas máis. Foi un pracer escoitar a este home, que conta cunha excepcional memoria e cun moi bo vicio: a lectura. En persoas como o señor Manuel podemos atopar un auténtico tesouro de coñecementos, datos, vivencias e lembranzas que non poderían obterse en ningún libro.

Escoitando con atención o falar tranquilo e lento de Manuel Porto, puidemos facernos unha idea da grandeza desta Casa de Lago, unha das máis ricas da zona.

Nunha primeira ollada a esta casa chaman a atención, sobre todo, os dous hórreos que están ó seu carón. Se nos detemos a contemplar o conxunto que forma coa finca, co pombal ou coa cocheira, a Casa de Lago convértese nun lugar especial, cheo de encanto e misterio.

En canto ós hórreos, hai un que sobresaia coa súa presenza soberbia. Trátase dun hórreo de sete estremas sobre muro, con columnas de cantería e laterais de madeira que o fan o máis grande de todo Melide. Este hórreo, xunto a outro máis pequeno que hai





preto del, quedaba cativo cando chegaba o tempo de gardar o millo, época na que cumpría erguer uns cabaceiros con varas para poder gardar toda a colleita.


Non é de estrañar que os hórreos quedaran pequenos, tendo en conta que se traballaban cincuenta ferrados de terreo, que eran atendidos e coidados por setenta caseiros. Segundo as palabras

cheas de memoria de Manuel Porto, cando chegaba a época da sega do trigo, había 22 fouciños cortando nel. En canto ó pombal, outro signo máis das casas grandes e da xente potentada daquela época, chegou a ter setenta pombas no seu interior, que eran coidadas e alimentadas para os señores da casa.

Outro dato curioso da Casa de Lago fai referencia ó forno que se atopa na cociña, lugar no que destaca unha gran lareira. Este forno ten un interior tan grande que, segundo conta Manuel Porto, as criadas que servían na casa, despois de sacado o pan, metíanse dentro del para quentarse nos fríos días de inverno.

Cando fomos andando cara a Casa de Lago, e xa dentro de terreos privados, Manuel quedou parado diante da cocheira. Chama a atención esta fermosa construción, case tan grande como a casa e diante da que Manuel dixo: “¡Quen me dera volver ver aqueles coches de cabalos!”. De seguro que tiñan que ser todo un espectáculo na aldea ver chegar aqueles maxestos cabalos tirando fermosos coches naqueles difíciles mundos dos nosos labregos fartos de miseria, traballos e fame. Manuel láíase con razón de que non quedara ningún coche dentro dela para poder admiralo hoxe.

Na actualidade, a Casa de Lago de Zas de Rei pertence ó fillo de Juan Golpe Varela, que reside en Madrid e que ten uns caseiros que coidan os moitos bens que aquí teñen, ademais dunha granxa que conta con deza-seis vacas. O mozo encargado de atender





hoxe en día a Casa de Lago é Antonio Pintor Mella, que moi amablemente nos acompañou durante a nosa visita ó lugar.

Tanto a Antonio Pintor, como a Manuel Porto, temos que agradecerlles a súa atención e amabilidade, xa que sen eles non poderíamos ter descuberto tantos segredos que aínda garda a Casa de Lago tralas súas pedras. Moitas gracias no nome do **Museo da Terra de Melide.**

BIBLIOGRAFÍA

Gran Enciclopedia Gallega.

Diccionario da Literatura Galega. Tomo I- Autores. *Editorial Galaxia, 1995.*

Diccionario da Literatura Galega. Tomo II- Publicacións Periódicas. *Galaxia, 1997.*

Diccionario de escritores en lingua galega. **FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO.** *Edicións do Castro, 1990.*

Las mejores poesías gallegas. **EUGENIO LÓPEZ- AYDILLO.**

Literatura Gallega. **EUXENIO CARRÉ ALDAO.**

Boletín de la Real Academia Gallega. Ano IV, nº 27. 1909.

Terra de Melide –Seminario de Estudos galegos. *Edicións do Castro, 1933.*

A Terra de Melide. **XOSÉ MANUEL BROZ, 2001.**

A Xanela. Suplemento cultural de “Betanzos e a súa comarca” nº 5. (*Asociación Cultural “Eira Vella” de Betanzos, 1994.*)

Partida de Bautismo del literato gallego Salvador Golpe Varela. **FRANCISCO VALES VILLAMARÍN.**

O sentimento nazonal nos escritores galegos do século XIX. **ÁLVARO DE LAS CASAS.**

Refraneiro agrícola-meteorolóxico por **PEDRO DE MERILLE,** reeditado pola *Asociación Cultural “Eira Vella” de Betanzos no ano 1994.*



